

MANUAL DE FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL. PREGUNTAS. ANATOMÍA. ESTRÉS. SAÚDE E ENFERMIDADE



MANUAL DE FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL. PREGUNTAS. ANATOMÍA. ESTRÉS. SAÚDE E ENFERMIDADE

XUNTA DE GALICIA
Consellería do Medio Rural e do Mar
Santiago de Compostela
2014

Coordinación:

María del Mar Yllera Fernández
Jesús Juan Cantalapiedra Álvarez
Mercedes Camiña García
Isabel Blanco Penedo
José Luis Puerta Villegas

Autores:

Jesús Juan Cantalapiedra Álvarez
Mercedes Camiña García
María del Mar Yllera Fernández
José Luis Puerta Villegas

Edita: Xunta de Galicia Consellería do Medio Rural e do Mar

Lugar:
Santiago de Compostela

Ano:
2015

1. A pel rodea todo o organismo e realiza as seguintes funcións:

- a.** Protectora. Actúa como barreira defensiva fronte a axentes químicos (substancias tóxicas) e axentes biolóxicos (microorganismos patóxenos)
- b.** Recolle a sensibilidade do exterior e intervéen na termorregulación
- c.** Intervén na excreción de metabolitos e sintetiza a vitamina D
- d.** Todas as respostas anteriores son correctas.

2. Os animais homeotermos (de sangue quente), nos que se inclúen os mamíferos de granxa e as aves, caracterízanse por:

- a.** Deben manter unha temperatura corporal relativamente constante
- b.** Os mecanismos de produción de calor inclúen exercicio muscular e metabolismo dos alimentos
- c.** Se as temperaturas corporais internas ou profundas cambian respecto á temperatura normal poden morrer en pouco tempo
- d.** Todas as respostas anteriores son correctas.

3. Os mecanismos de eliminación da calor corporal inclúen:

- a.** Intercambio co medio a través da pel cando a temperatura do ambiente é inferior á do corpo
- b.** A evaporación de auga por sudación, saliva e arquexo, cando a temperatura ambiental supera á do corpo, é a única forma de perda de calor
- c.** Intercambio co medio a través da pel cando a temperatura do ambiente é superior á do corpo
- d.** Son correctas as respostas "a" e "b"

4. En canto á eliminación de calor por evaporación de auga:

- a.** Os porcos son moi resistentes á calor porque a súa pel conta con gran cantidade de glándulas sudoríparas
- b.** Nos coellos e as aves o principal método é a través da sudación, aínda que son moi sensibles ao golpe de calor
- c.** Os cabalos non poden eliminar calor mediante a sudación
- d.** Todas as respostas anteriores son falsas.

5. En canto ao papel que xoga a pel no mantemento da temperatura corporal:

- a.** O intercambio de calor pel-medio, por medio dos vasos sanguíneos superficiais, é máis intenso nas zonas provistas de la, pelo ou plumas
- b.** Nas ovellas o grosor da la é determinante á hora de establecer a temperatura crítica mínima
- c.** Canto maior sexa o grosor da graxa subcutánea maior será o intercambio de calor a través da pel
- d.** As aves caracterízanse por unha pel fina, con plumas, moi irrigada e innervada e con abundantes glándulas sudoríparas.

6. Entre as maneiras de intercambio de calor a través da pel:

- a.** A convección consiste na transferencia de calor entre a superficie do corpo e o aire que o rodea
- b.** Os animais intercambian calor por condución coas superficies coas que están en contacto
- c.** A radiación é o intercambio de calor entre dous obxectos que non están en contacto
- d.** Todas as respostas anteriores son correctas.

7. Podemos afirmar que:

- a.** As correntes de aire frío poden ter consecuencias no crecemento e o estado de saúde dos animais pequenos ou acabados de nacer (leitóns, poliños, etc.) porque aumentan moito as perdas de calor por condución
- b.** O efecto positivo da "cama de palla ou labra de madeira" débese ao efecto illante que diminúe a perda de calor por radiación
- c.** Un teito con pobre illamento térmico en verán pode resultar nunha ganancia significativa de calor mediante a radiación sobre o lombo dos animais
- d.** Todas as respostas anteriores son correctas.

8. O tacto xoga un papel en:

- a.** As relacións sociais entre os individuos
- b.** O contacto físico entre a nai e as súas crías
- c.** O establecemento da estrutura xerárquica entre os individuos de cada grupo por medio do contacto físico
- d.** Todas as respostas anteriores son correctas.

9. O sentido do olfacto xoga un papel importante en:

- a.** A comunicación entre animais da mesma ou distinta especie
- b.** O comportamento social e reprodutivo
- c.** O recoñecemento e rexeitamento das substancias nocivas
- d.** Todas as respostas anteriores son correctas.

10. A disposición lateral dos ollos na cabeza:

- a. Limita a visión panorámica
- b. Reduce o campo de visión pero aumenta a área de visión binocular
- c. Nos herbívoros, capacítalos para gozar dun amplo campo de visión lateral monocular
- d. Son correctas as respostas "a" e "c".

11. No manexo de ruminantes équidos e súidos hai que ter en conta que:

- a. Teñen unha ampla visión panorámica binocular con percepción de profundidade
- b. É importante que o persoal que manexe animais utilice os puntos cegos para aproximarse a eles animais sen ser visto
- c. É preferible utilizar pouca iluminación para a condución do gando, xa que estes avanzan con maior facilidade de zonas ben iluminadas cara a zonas de penumbra
- d. Todas as respostas anteriores son falsas.

12. Nos porcos, podemos afirmar que:

- a. Os sentidos do olfacto e o oído prevalecen sobre a visión
- b. Cando lle cambiamos o aspecto do piso onde están a andar, a tendencia vai ser pararse para uliscar
- c. Para recoñecer o ámbito a visión prevalece e o oído e o olfacto serven para completar a información
- d. Son correctas respostas "a" e "b".

13. O oído componse de tres partes:

- a. O oído externo receptor dos estímulos sonoros formado polo pavillón auricular e o conduto auditivo externo
- b. Oído medio denominado cavidade ou caixa timpánica que se encarga de regular o equilibrio, é dicir, a posición da cabeza no espazo
- c. Oído interno que transforma o estímulo en corrente nerviosa
- d. Son correctas as respostas "a" e "c".

14. Son compoñentes do aparello locomotor:

- a. O sistema esquelético (ósos e articulacións) ou aparello locomotor activo
- b. O sistema muscular ou aparello locomotor activo
- c. O sistema muscular ou aparello locomotor pasivo
- d. Son correctas as respostas "a" e "c".

15. Os ósos teñen diferentes funcións:

- a. Protexen os principais órganos vitais, os pulmóns, o corazón, o cerebro e a medula espiñal
- b. Almacenan minerais e contribúen a regular os niveis de calcio e fósforo no sangue
- c. Producen células sanguíneas na medula ósea
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

16. Os músculos participan en:

- a. A respiración
- b. A acumulación de glicóxeno que intervéen na maduración da carne
- c. A formación das paredes corporais
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

17. O sistema dixestivo está formado por:

- a. O tubo dixestivo: esófago, estómago, intestino delgado e intestino groso
- b. Glándulas anexas que inclúen o fígado, páncreas e glándulas salivares
- c. Cavidade oral e farinxe
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

18. En canto ao aparello dixestivo, podemos afirmar que:

- a. Existen diferenzas entre especies en función do tipo de alimentación para poder realizar un mellor aproveitamento dos alimentos
- b. O cabalo e o coello son herbívoros monogástricos con colon ou cego funcional que lles permite aproveitar grandes cantidades de fibra bruta
- c. As aves posúen un estómago muscular denominado moega que actúa como órgano de trituración e de dixestión
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

19. Nos ruminantes o sistema dixestivo caracterízase por:

- a. No animal lactante, o leite pasa directamente a través dun repregamento tubular do tecido ou goteira esofáxica ao cuarto compartimento (abomaso)
- b. A formación da canle esofáxica en lactantes é o resultado dun reflexo condicionado que causa o seu peche ao inicio do proceso de succión do leite
- c. Un estómago policavitario formado por tres prestómagos (rume, retículo e omaso) para a fermentación microbiana e un estómago glandular (abomaso)
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

20. O aparello respiratorio nas aves caracterízase por:

- a.** A presenza de sacos aéreos, o que aumenta o peso corporal
- b.** O ciclo respiratorio consta de 1 inspiración e 3 expiracións
- c.** Pulmóns relativamente pequenos con nula capacidade de expansión/contracción
- d.** Unha larinxe con dobras vocais que constitúe o órgano fonador.

21. En relación ao aparello reprodutor masculino:

- a.** Nos mamíferos os testículos fórmanse ao lado dos riles e descendén pola canle inguinal cara ao escroto durante o desenvolvemento fetal
- b.** O descenso incompleto do testículo chámase criptorquidia
- c.** Nas aves e os mamíferos os testículos encóntranse fóra da cavidade corporal para manter a súa temperatura por debaixo da temperatura corporal
- d.** Son correctas as respostas "a" e "b".

22. No aparello reprodutor feminino, o útero:

- a.** É o lugar onde se desenvolve o feto, e encóntrase principalmente na cavidade abdominal
- b.** Posúe un colo, dous corpos e dous cornos
- c.** Na egua ten dous cornos que miden un metro aproximadamente e enrólanse en espiral
- d.** Na porca caracterízase porque non presenta dobras no colo ou cervix.

23. Os peixes e abellas:

- a.** Considéranse animais monogástricos
- b.** Considéranse animais poligástricos
- c.** Non se poden clasificar polo seu estómago
- d.** Todas as respostas anteriores son incorrectas.

24. Son herbívoros non ruminantes:

- a.** O cabalo
- b.** O coello
- c.** A ovella
- d.** Son correctas as respostas "a" e "b"

25. As cavidades onde ten lugar a fermentación microbiana anterior á dixestión enzimática dos alimentos nos ruminantes son:

- a. O rume
- b. O omaso
- c. O retículo
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

26. Os ósos divídense en:

- a. 2 clases
- b. 3 clases
- c. 4 clases
- d. 5 clases.

27. As células musculares posúen propiedades:

- a. Contráctiles unicamente
- b. Conducivas unicamente
- c. Contráctiles e conducivas
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

28. O bolo alimentario:

- a. É a mestura da saliva e o alimento
- b. Chega ao estómago dende o esófago
- c. Ao chegar ao estómago é dixerido polos zumes gástricos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

29. Son vías aéreas do aparello respiratorio dos mamíferos:

- a. O padal
- b. A cavidade nasal
- c. A farinxe e a larinxe
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

30. O aparello excretor dos animais:

- a. Elimina substancias tóxicas
- b. Elimina refugallos
- c. Un dos seus compoñentes é o aparello urinario
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

31. Son sistemas do aparello circulatorio:

- a. O sistema cardiovascular
- b. O sistema linfático
- c. Os pulmóns
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

32. O sistema nervioso simpático:

- a. Permite a adaptación do organismo ás situacións de estrés
- b. Mellora a resposta do animal
- c. É máis activo nos momentos de repouso
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

33. A circulación pulmonar:

- a. Tamén se denomina circulación menor
- b. O sangue pobre en osíxeno transpórtase aos pulmóns
- c. Os alvéolos pulmonares enriquecen o sangue con osíxeno
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

34. As glándulas endócrinas no organismo:

- a. Fabrican hormonas
- b. Segregan as hormonas ao torrente sanguíneo
- c. Carecen do conduto excretor
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

35. Son glándulas endócrinas do organismo dos animais:

- a. A hipófise
- b. A tiroide
- c. O páncreas
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

36. Dende o punto de vista funcional o sistema nervioso divídese en:

- a. Sistema nervioso vexetativo
- b. Sistema nervioso somático
- c. Sistema nervioso dual
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

37. O estómago das aves componse de:

- a. Proventrículo
- b. Moega
- c. Boche
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

38. Dentro das necesidades alimenticias, a dieta debe chegar aos animais:

- a. Vitaminas e minerais
- b. Proteínas
- c. Graxas e hidratos de carbono
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

39. O sistema nervioso vexetativo divídese en:

- a. Sistema simpático
- b. Sistema parasimpático
- c. Sistema glandular
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

40. O aparello locomotor está formado polos sistemas:

- a. Esquelético
- b. Muscular
- c. Nervioso central
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

41. As principais funcións do sistema esquelético ou as funcións dos ósos son:

- a. Soster músculos e órganos
- b. Permitir o movemento
- c. Ser un depósito de minerais
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

42. Tras unha situación estresante o sistema nervioso que mantén o animal en estado de relaxación muscular é:

- a. O simpático
- b. O parasimpático
- c. O central
- d. O endócrino.

1. A resposta fisiolóxica ao estrés co mesmo patrón en cada individuo denomínase:

- a. SGA
- b. SAM
- c. SGR
- d. SXG

2. A SXA (Síndrome Xeral de Adaptación) é:

- a. Un mecanismo automático
- b. Un mecanismo estereotipado
- c. Aparece ante situacións estresantes
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

3. Ante a aparición da SXA (Síndrome Xeral de Adaptación):

- a. Mobilízanse reservas enerxéticas do organismo
- b. Involúcranse un conxunto de reaccións inespecíficas
- c. O organismo fai fronte ás demandas externas
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

4. Na fase de resistencia da SXA (Síndrome Xeral de Adaptación) segréganse principalmente:

- a. Adrenalina
- b. Corticoides
- c. Gonadotrofinas
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

5. O concepto da SXA (Síndrome Xeral de Adaptación) débese a Seyle e data de:

- a. 1956
- b. 1936
- c. 1948
- d. 1946

6. A concentración de ácido vanilmandélico nos ouriños utilízase para valorar o estrés de forma:

- a. Directa
- b. Indirecta
- c. Excepcional
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

7. Na SXA (Síndrome Xeral de Adaptación) as proteínas da fase aguda sintetízanse no:

- a. Fígado
- b. Sangue
- c. Cerebro
- d. Saliva.

8. Non son factores estresantes os:

- a. Axentes mecánicos
- b. Axentes físicos e químicos
- c. Axentes etolóxicos
- d. Todos as respostas anteriores son correctas.

9. O estrés pódese definir como:

- a. Os factores ambientais que sobrecargan os sistemas de regulación dun individuo
- b. Os factores ambientais que perturban o seu estado de adaptación
- c. Os cambios fisiolóxicos que teñen a súa orixe en cambios de comportamento
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

10. Son criterios de avaliación de resposta ao estrés agudo no gando:

- a. Os criterios indirectos
- b. Os criterios directos
- c. Os criterios transversais
- d. Son correctas as respostas "a" e "b".

11. No estrés crónico é un criterio indirecto de valoración:

- a. O peso relativo do timo
- b. A tirosina hidroxilasa
- c. A feniletanolamina N-metiltransferasa
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

12. Non estrés crónico é un criterio directo de valoración:

- a. A tirosina hidroxilasa
- b. A actividade encimática na síntese de catecolaminas
- c. O ritmo cardíaco
- d. A presión arterial.

13. É un criterio directo de avaliación de resposta ao estrés agudo:

- a. O cortisol plasmático
- b. O ritmo cardíaco
- c. A presión arterial
- d. A fórmula leucocitaria.

14. No estrés agudo é un criterio directo de valoración:

- a. O nivel de glicosa en plasma
- b. O ritmo cardíaco
- c. A presión arterial
- d. A ACTH en plasma.

15. No estrés agudo é un criterio indirecto de valoración:

- a. O peso relativo do timo
- b. A tirosina hidroxilasa
- c. O peso relativo das glándulas adrenais
- d. A glicosa en plasma.

16. É un criterio indirecto de avaliación de resposta ao estrés agudo:

- a. A glicosa en plasma
- b. A ACTH en plasma
- c. As catecolaminas en plasma
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

17. É un criterio directo de avaliación de resposta ao estrés crónico:

- a. A ACTH
- b. A actividade encimática na síntese de catecolaminas
- c. O cortisol en plasma
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

18. É un criterio indirecto de avaliación de resposta ao estrés crónico:

- a. A tirosina hidroxilasa
- b. O peso relativo do timo
- c. A ACTH
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

19. Son axentes estresantes:

- a. Os axentes mecánicos
- b. Os axentes físicos e químicos
- c. Os axentes biolóxicos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

20. Na fase de produción de estrés no organismo hai:

- a. 2 fases
- b. 3 fases
- c. 4 fases
- d. 5 fases.

21. Son algúns síntomas de estrés:

- a. A perda de peso
- b. A inapetencia
- c. A astenia
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

22. Durante a fase de alarma no organismo:

- a. Actívase o sistema nervioso simpático
- b. Actívanse as glándulas suprarrenais
- c. Acelérase o ritmo cardíaco
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

23. Durante a fase de resistencia no organismo:

- a. Segréganse corticoides
- b. A capacidade de resposta diminúe no tempo
- c. O organismo gasta moita enerxía
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

24. Durante a fase de esgotamento no organismo:

- a. Prodúcese unha deterioración importante deste
- b. Poden aparecer fallos funcionais
- c. Poden aparecer fallos orgánicos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

25. A Síndrome Xeral de Adaptación (SXA) relaciónase cos conceptos de:

- a. Necesidades últimas
- b. Necesidades próximas
- c. Necesidades innatas
- d. Son correctas as respostas "a" e "b".

26. Son factores externos (predispoñentes):

- a. O manexo humano
- b. A profilaxe vacinal
- c. O estrés
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

27. Son factores poboacionais (predispoñentes):

- a. A densidade
- b. A reprodución
- c. A maternidade
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

28. Son axentes determinantes da enfermidade:

- a. Os axentes físicos
- b. Os axentes químicos
- c. Os axentes infecciosos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

29. Débense de contemplar como medidas de hixiene e prevención nunha explotación gandeira:

- a. O deseño das instalacións
- b. O manexo dos animais
- c. As prácticas sanitarias
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

30. Dentro do deseño das instalacións e equipos, estes deben facilitar:

- a. A limpeza e desinfección
- b. Ter en conta os principios de bioseguridade
- c. Contar con áreas de corentena
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

31. A fase de *Exitus letalis* da enfermidade corresponde a:

- a. A fase final
- b. A fase de adaptación
- c. A fase ascendente
- d. A fase emerxente da enfermidade.

32. Un elevado nivel de benestar animal indica nunha explotación:

- a. Ausencia de problemas sempre
- b. Que un elevado número de animais superan posibles problemas
- c. Un manexo axeitado
- d. Son correctas as repostas “b” e “c”.

33. O benestar animal ten importancia fundamentalmente sobre:

- a. O desempeño produtivo
- b. O desempeño reprodutivo
- c. O manexo post mortem
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

34. A ausencia de benestar nos animais pode afectar:

- a. A puberdade
- b. O ciclo estral e ovulación
- c. A fecundación e xestación
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

35. A resposta ao estrés prodúcese debido a:

- a. Unha sensación real de perigo unicamente
- b. Unha situación de perigo que percibe o animal
- c. Unha situación estraña para o animal que lle xera nerviosismo
- d. Son correctas as respostas “b” e “c”.

36. Nunha situación de estrés o sistema simpático-medula adrenal e o sistema hipotálamo-hipófise-córtex adrenal:

- a. Mobilizan as reservas de enerxía
- b. Poden producir atrasos no crecemento
- c. Poden alterar distintas funcións biolóxicas
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

37. Identifícanse como factores que interveñen no benestar animal dunha explotación:

- a. Os factores de manexo e ambiental
- b. Os factores sociais
- c. Os factores patolóxicos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

38. A rutina de muxidura, o manexo da alimentación, a limpeza e a hixiene encóntranse dentro dos factores estresantes de tipo:

- a. Social
- b. Patolóxico
- c. Manexo
- d. Ambientais.

39. Os factores que interveñen no nivel de benestar animal e a súa relación co estrés:

- a. Pódense identificar por separado
- b. Están moi relacionados entre eles
- c. Existen diferentes métodos que os engloban para a súa valoración
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

40. A fame, a temperatura, a sede, etc. son estresores:

- a. Químicos
- b. Neutros e sociais
- c. Físicos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

41. Son indicadores de benestar animal a curto prazo:

- a. O ritmo cardíaco
- b. O ritmo respiratorio
- c. A alteración da función adrenal
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

42. O estrés no organismo:

- a. Diminúe os niveis de colesterol
- b. Produce heterofilia
- c. Produce linfopenia
- d. Son correctas as respostas “b” e “c”.

43. Son indicadores fisiolóxicos nos animais da existencia de estrés:

- a. A aparición de carne PSE post-sacrificio
- b. A aparición de casca rosa e manchas de sangue nos ovos
- c. O aumento do pH da carne
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

44. Son indicadores relacionados co estrés e o comportamento a aparición de:

- a. Pasotismo
- b. Estereotipias
- c. Músculo branco e pus
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

45. A redución do nivel de estrés durante o manexo:

- a. Aumenta a produtividade animal
- b. Mellora a calidade das producións
- c. Mellora a calidade de vida dos animais
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

46. A resposta dos animais cara a un axente indutor de estrés válese de:

- a. 1 compoñente principal
- b. 2 compoñentes principais
- c. 3 compoñentes principais
- d. 4 compoñentes principais.

47. A primeira resposta ao estrés:

- a. É moi rápida
- b. Aumenta o ritmo cardíaco
- c. É moi lenta
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

48. A fase crónica de resposta ao estrés:

- a.** É moi lenta
- b.** É debida a unha situación desfavorable que perdura no tempo
- c.** Implica un aumento de glicocorticoides
- d.** Todas as respostas anteriores son correctas.

galicia



XUNTA
DE GALICIA